



- PLAN REANIMA LUGO -

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID19

1.- Obxecto da presente convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Lugo, outorgando liquidez ás empresas da cidade para, contribuíndo a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.

Preténdese protexer o interese xeral da cidadanía de Lugo, dando soporte ás persoas autónomas, microempresa e pequena empresa, así como aos traballadores por conta allea residentes na cidade para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e coadxuvar para que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía da nosa cidade, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas, como autónomos, pemes, traballadores e familias.

O papel dos concellos na crise económica e de emprego que nos vai tocar vivir é clave porque a Administración do Estado e autonómica proporcionan recursos estándares que únicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais.

Ese rol que cumpren as estructuras locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación

DESENVOLVEMENTO LOCAL

Refº: BASES PLAN REANIMA LUGO gallego
Asunto: COVID19

local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que únicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

2.- Normativa aplicable.

1.- As bases reguladoras polas que se rexe a presente convocatoria é a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo (BOP de data 18.05.2005).

2.- A presente convocatoria rexerase, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

3.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de *minimis*, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

4. A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

5. A súa tramitación realizarase por medios electrónicos en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta que a actual declaración do estado de alarma limita a circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público e que o Decreto da Alcaldía N°187/2020, de 15 de marzo de 2020, limitou ao mínimo a atención presencial nas oficinas municipais.



3.- Crédito orzamentario

A contía destinada a atender ás liñas destas subvencións ascende a un importe total de 5.000.000 € do vixente orzamento municipal, con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

Liña 1.- 24100.47900 – 4.000.000
Liña 2.- 24100.48900. - 1.000.000

Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible nas aplicacións orzamentarias sinaladas, queda condicionada á declaración da dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas polos importes que correspondan.

O importe sobrante nalgunha destas liñas, resoltos os expedientes presentados no prazo establecido na convocatoria, poderase destinar a ampliar os créditos daquela outra cuxa dotación económica resultase insuficiente, de ser o caso.

Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible.

Resoltos os expedientes presentados no prazo establecido nesta convocatoria e non téndose esgotado o crédito establecido na mesma, poderase acordar a realización dunha segunda convocatoria destas axudas, dictando, ao efecto, as normas necesarias para a súa execución dentro do exercicio 2020.

4.- Contía das Axudas

Liña 1.- Medidas de axuda ao impulso económico e protección do emprego

Con base no artigo 30.7 da LXS:

1.- Concederase unha contía fixa de 1.200 € para persoas físicas e xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo cando a actividade que desenvolvan se tivese visto afectada polo peche de establecementos

DESENVOLVEMENTO LOCAL

Refº: BASES PLAN REANIMA LUGO gallego
Asunto: COVID19

disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modificou o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.

2.- Concederase unha contía fixa de 750 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo que non se viron afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo, a condición de que sufran unha reducción da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a reducción dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade. Esta reducción de facturación deberase xustificar coa presentación da documentación requirida no punto 8.

3.- As contías de 1.200 € ou a de 750 € ás que se refiren os dous parágrafos anteriores, incrementaranse nas seguintes contías:

- en 600 € por traballador en caso de ter ata 9 traballadores (inclusive) a data 1 de marzo de 2020, no caso de acreditar que non se ten tramitado expediente de regulación temporal de emprego no momento de solicitar a subvención así como comprometerse a non solicitalo nos 3 meses inmediatamente posteriores á súa concesión.

- en 450 € por traballador en caso de ter entre 10 e 49 traballadores (inclusive) a data 1 de marzo de 2020, no caso de acreditar que non se ten tramitado expediente de regulación temporal de emprego, no momento de solicitar a subvención así como comprometerse a non solicitalo nos 3 meses inmediatamente posteriores á súa concesión.

- en 180 € por traballador en caso de ter ata 9 traballadores (inclusive) a data 1 de marzo de 2020, no caso de acreditar que, solicitado ou concedido o expediente de regulación temporal de emprego solicitado, se ten chegado a un acordo cos traballadores ou coa súa representación sindical, de complemento salarial ate completar o 100 % da base reguladora daqueles traballadores afectados polo ERTE.

- en 120 € por traballador en caso de ter entre 10 e 49 traballadores (inclusive) a data 1 de marzo de 2020, no caso de acreditar que, solicitado ou concedido o expediente de regulación temporal de emprego solicitado,



se ten chegado a un acordo cos traballadores ou coa súa representación sindical, de complemento salarial ate completar o 100 % da base reguladora daqueles traballadores afectados polo ERTE.

Liña 2.-Medidas de axuda á conciliación da vida familiar e laboral por situacións derivadas da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19

- Concederase unha contía fixa de 100 € a aquelas persoas físicas traballadores por conta allea que experimentaran unha merma nos seus ingresos a consecuencia de ser incluídos nun expediente de regulación temporal de emprego, ou tido necesidade de solicitar excedencia ou reducción de xornada para a atención de fillos menores de 12 anos aos que lles tivera afectado o peche dos centros educativos con motivo da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

Para o caso de máis dun fillo a cargo, as contías serán:

150 € se foran 2 fillos a cargo
175 € se foran 3 ou máis fillos a cargo

- Tamén poderán ser beneficiarios desta liña, os traballadores autónomos susceptibles de ser beneficiarios da liña 1, sempre que cumpran os requisitos sinalados

5.- Requisitos para ser persoa ou empresa beneficiaria.

Liña 1.-

1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que levan a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumplen os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa.

A microempresa e as pequena empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

DESENVOLVEMENTO LOCAL

Refº: BASES PLAN REANIMA LUGO gallego
Asunto: COVID19

- b) Que a actividade que desenvolven se tivera visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou, non sendo este o caso, que a actividade desenvolvida pola empresa sufra unha reducción da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a reducción dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

Este requisito xustificarse a través dunha declaración xurada que acompañará á instancia presentada e xunto coa documentación requirida no punto 8 desta convocatoria.

- c) Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se tivera visto compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio *on line* ou telefónico da persoa solicitante.
- d) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.
- e) Que, o domicilio fiscal ou no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade se atopen no termo municipal de Lugo.
- f) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumplirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.
- g) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Lugo. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumplirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.



- h) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello de Lugo, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.
- i) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumplir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescripción a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

2.- Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro así como o persoal autónomo colaborador.

3.- En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

Liña 2.-

1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas empadroadas no Concello de Lugo, traballadores nos que concorran simultaneamente as seguintes situacions:

- a) ser traballadores por conta allea e con alta no réxime xeral da seguridade social a data 1 de marzo de 2020, ou traballadores autónomos susceptibles de ser beneficiarios da liña 1, sempre que cumpran os requisitos sinalados
- b) acreditar unha merma de ingresos que sexa consecuencia dun

DESENVOLVEMENTO LOCAL

Refª: BASES PLAN REANIMA LUGO gallego
Asunto: COVID19

expediente de regulación temporal de emprego, ou por ter solicitado excedencia ou reducción de xornada para a atención dos fillos menores de 12 anos ao seu cargo.

c) ter ao seu cargo fillos menores de 12 anos afectados polo peche dos centros educativos

6. Concorrencia con outras subvencións

Liña 1.-

Por tratarse de subvencións sometidas ao réxime de *minimis*, establecido no Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L352 de 24.12.2013), non poderán concederse a empresas dos seguintes sectores:

- a) Pesca e acuicultura, segundo se contempla no Regulamento (UE) 1379/2013 que establece a organización común de mercados no sector dos productos da pesca e da acuicultura.
- b) Producción primaria de productos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.
- c) Empresas que operan no sector da transformación e comercialización de productos agrícolas, nos casos seguintes:
 - c.1) Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.
 - c.2) Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade da mesma se repercuta aos produtores primarios.
- d) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada ao establecemento e a explotación dunha rede de distribución ou a outros gastos correntes vinculados á actividade exportadora.
- e) Axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

En ningún caso, as axudas poderán superar o importe máximo total de



axuda de minimis, actualmente establecido en 200.000 euros durante un período de tres exercicios fiscais para unha mesma empresa, nin individualmente, nin como resultado da acumulación con outras axudas de minimis concedidas á mesma empresa, conforme establece o Regulamento (UE) Nº 1407/2013 da Comisión, ou con outro tipo de axudas suxeitas ás regras comunitarias de axudas de Estado.

Aos efectos do disposto no parágrafo anterior enténdese por “empresa” calquera entidade que exerza unha actividade económica, con independencia da súa natureza xurídica e do seu modo de financiamento.

En caso de resultar beneficiaria dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria e con posterioridade resultar beneficiaria doutra subvención incompatible coa mesma, poderase renunciar á subvención concedida polo Concello de Lugo, reintegrando o importe percibido e aboando ademais os correspondentes xuros de mora xerados, tal e como se establece na Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e demais normativa aplicable.

7. Prazo e Forma de presentación de solicitudes

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal www.concellodelugo.gal.

2.- As solicitudes, que deberán dirixirse ao Servizo de Desenvolvemento Local Sostible, presentaranse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Lugo accesible a través do enlace <https://www.lugo.gal>, utilizando o formulario xenérico de solicitude dispoñible na sede, ou polo Sistema de intercambio rexistral dispoñible a través do enlace <https://rec.redsara.es/registro/>, indicando no campo “Solicita” o texto “Axudas Covid-19. Servizo de Desenvolvemento local”, e xuntando o modelo normalizado sinalado no parágrafo anterior.

3.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obligatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

DESENVOLVEMENTO LOCAL

Refº: BASES PLAN REANIMA LUGO gallego

Asunto: COVID19

8. Documentación a achegar.

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obligatoriamente da seguinte documentación:

Liña 1.-

A. En caso de persoa física:

- a) DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte.
- b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- c) Resolución/certificación do alta no Régime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.
- d) Informe de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores a data de 1 de marzo de 2020.
- e) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da subvención.
- f) Naqueles casos nos que non se visen afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo, e sufran unha reducción da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, deberán acreditar esta reducción mediante a presentación da declaración xurada á que se refire o apartado b) do punto 1 da Liña 1 do artigo 5 desta convocatoria acompañada, no seu caso, da seguinte información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) ata a data de presentación da solicitude de subvención:

- ✓ copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas
- ✓ ou libro diario de ingresos e gastos
- ✓ ou libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos.

- Cando a persoa física non este obrigada a levar os anteditos



libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a reducción polo menos do 75% esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.

- Cando a persoa física non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a reducción dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.
- B. En caso de persoas xurídicas, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:
 - a) CIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
 - b) Certificado actualizado de Situación Censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o local de desenvolvemento da actividade.
 - c) Contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
 - d) Escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro.
 - e) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.
 - f) DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.
 - g) Alta no réxime da Seguridade social correspondente da persoa administradora.
 - h) Informe de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesourería da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores a data de 1 de marzo de 2020.
 - i) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da subvención.
 - j) Naqueles casos nos que non se visen afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo, e sufran unha reducción da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, deberán acreditar esta reducción mediante a presentación da declaración xurada á que se refire o apartado b) do punto 1 da Liña 1 do artigo 5 desta convocatoria no seu caso

DESENVOLVEMENTO LOCAL

Refº: BASES PLAN REANIMA LUGO gallego
Asunto: COVID19

acompañado da seguinte información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) ata a data de presentación da solicitude de subvención:

- copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas
 - ou libro diario de ingresos e gastos
 - ou libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos.
- Cando a persoa xurídica non este obligada a levar os libros que acreditan o volume de actividade, deberán acreditar a reducción polo menos do 75% esixida por calquera medio de proba admitido en dereito.
 - Cando a persoa xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a reducción dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade.

No caso que a persoa física, xurídica, comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade sen personalidade xurídica, que realice a solicitude de subvención tivese concedido un adiamento/fraccionamento de débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesourería Municipal, deberá presentar coa solicitude, a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do adiamento.

2.- Deberase presentar así mesmo unha declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterá o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestiós:

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou, non sendo este o caso, que a actividade desenvolvida sufriu unha reducción da facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o75%,en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou en caso de non levar de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a reducción dos ingresos, durante o período de alta.



- Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio *on line* ou telefónico da persoa solicitante.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incursa nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de *minimis* que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescripción previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.

3.- Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS), e autorización para a consulta do informe de vida laboral, asinado pola persoa interesada ou representante legal da

DESENVOLVEMENTO LOCAL

Refº: BASES PLAN REANIMA LUGO gallego

Asunto: COVID19

persoa ou entidade solicitante. Cando a persoa interesada non é a mesma que a persoa que asina a solicitude deberá cumprimentarse o anexo da instancia para autorizar á consulta da vida laboral e estar asinado pola persoa interesada.

Liña 2.-

- a) DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte.
- b) Copia do libro de familia.
- c) Certificado de empresa do ERTE tramitado ou copia da resolución de excedencia ou reducción da xornada concedida.
- d) Copia da nómina da última mensualidade anterior ao momento de solicitude da subvención
- e) Declaración xurada de ter experimentado unha merma de ingresos polos supostos que motivan a concesión da subvención e de que os fillos polos que se solicita a axuda conviven co solicitante.
- g) Certificado de estar ao corrente coas obligas tributarias, coa seguridade social.
- h) Certificado de empadroamento da unidade familiar a data 15 de marzo de 2020.
- i) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da subvención.

9. Procedemento e instrucción do procedemento.

1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

A instrucción do procedemento corresponderá ao Servizo de Desenvolvemento Local Sostible, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Nomearase unha Comisión de Valoración composta polo concelleiro coordinador do Servizo de Desenvolvemento Local ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente, a vicesecretaria da Corporación ou persoa en quen delegue, que actuará como secretario e tres técnicos municipais nomeados polo concelleiro coordinador do servizo de Desenvolvemento Local. A Comisión á vista da proposta presentada emitirá un dítame de conformidade ou desconformidade que, por conducto



do Servizo Instructor, someterase á aprobación do órgano competente.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Registro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento de acordo co disposto no punto 3 da Convocatoria.

3.- O Servizo instructor comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente.

4.- Previamente a elaborar a proposta, publicaranse a efectos de notificación na páxina Web municipal, no taboleiro de edictos electrónico do Concello, as seguintes listaxes:

- a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.
- b) Persoas solicitantes que non cumplen os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.
- c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida no punto 8 da Convocatoria con indicación da documentación requirida.

As persoas solicitantes referidas no punto a) e c) outorgáráselles o prazo de 5 días hábiles para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

9.- Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas para iso e adoptadas as medidas precisas, o Servizo Instructor elevará a proposta de acordo á Comisión de Valoración para que a someta

DESENVOLVEMENTO LOCAL

Refª: BASES PLAN REANIMA LUGO gallego

Asunto: COVID19

a aprobación do órgano competente e procédase á súa posterior publicación.

10.- O Acordo será obxecto de publicación, na páxina Web municipal, no taboleiro electrónico do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións, fornecendo esta publicación os efectos da notificación.

11.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de seis meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdicción.

10. Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

Son obrigas dos beneficiarios da liña 1 de axudas:

- a) Manter a actividade empresarial durante 3 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión da subvención.
- b) En caso de optar aos incrementos da subvención por ter ao seu cargo traballadores, mantemento durante 3 meses, como mínimo dun 75 % do persoal declarado no informe da vida laboral da empresa achegado no momento que se presentou a solicitude.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.
- d) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- e) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e as detalladas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo e no Regulamento de Control interno do Sector Público do Concello de Lugo.
- f) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de



decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

11. Xustificación das axudas

1.- O control das obrigas esixidas no punto 10 desta convocatoria efectuarase mediante a comprobación de oficio polo Servizo de Desenvolvemento Local.

2.- A persoa beneficiaria das axudas da liña 1 deberá presentar no cuarto mes a contar a partir do día seguinte ó da publicación da concesión da subvención:

- Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/ certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.
- Informe de Vida Laboral da empresa expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social que abarque os 3 meses posteriores á concesión da subvención

12. Pagamento da subvención

1.- O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Servizo xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, proporá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

13. Reintegro das subvencións

DESENVOLVEMENTO LOCAL

Refº: BASES PLAN REANIMA LUGO gallego

Asunto: COVID19

1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerase polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpe a obriga de manter a actividade empresarial durante os 3 meses establecidos no punto 10 de convocatoria procederá o reintegro do importe da subvención por este concepto.

Se a persoa beneficiaria incumpe a obriga do mantemento durante 3 meses de como mínimo o 75 % do persoal establecidos no punto 10 da convocatoria, procederá o reintegro do importe total da subvención recibida por este concepto.

3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión de lle subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.